

**Á DIRECCIÓN XERAL DE RR. HH.**  
**Servizo Galego de Saúde**

\_\_\_\_\_, maior de idade e con DNI número \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, ante o órgano que encabeza o presente escrito comparece e, como mellor proceda en Dereito,

DI

Que con data \_\_\_\_\_ ditouse Resolución da Xerencia da Área Sanitaria de \_\_\_\_\_ pola que inadmite e, subsidiariamente, desestima a solicitude de recoñecemento do Grao I de Carreira Profesional;

Que mediante o presente escrito e ó abeiro do disposto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, vén formular **RECURSO DE ALZADA** contra a resolución anterior, con base aos seguintes

**FEITOS**

I.- A recorrente presta servizos como persoal estatutario, mediante nomeamento de interinidade en praza vacante, coa categoría profesional de Enfermeira/o, por conta da Xerencia da Área Sanitaria de \_\_\_\_\_, con destino no Hospital \_\_\_\_\_.

II.- Con data 31 de xullo de 2018 publicouse a Resolución da Dirección Xeral de RR. HH. pola que se inician os procedementos para solicitar un grao de carreira consonte o réxime transitorio e excepcional de encadramento.

III.- No seu día a aplicación FIDES non permitiu á agora recorrente formular a solicitude de recoñecemento no modelo normalizado, a pesar de ter os requisitos para poder formular a solicitude de recoñecemento dos Graos I e superiores seguintes, recoñecendo só o grao inicial.

IV.- Con data 27 de novembro de 2019 ditouse Sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia no Procedemento Ordinario 263/2018, **que condena ao SERGAS a incluír no ámbito de aplicación da Carreira Profesional a todo o persoal que presta servizos sen distinción ningunha por razón da natureza ou duración do vínculo.**

V.- A resolución agora recorrida **indica que a recorrente** carece do requisito de permanencia de 5 anos para poder acceder ao Grao I.

VI.- Dita resolución **NON se axusta a Dereito**, posto que, tendo que conta que o Grao Inicial non ten efectos económicos de ningún tipo, a recorrente si posúe o requisito de permanencia de 5 anos e, polo tanto, ten Dereito ao recoñecemento -cando menos- do Grao I de Carreira Profesional, consonte ao réxime transitorio e excepcional, recoñecemento do que se veu privada inicialmente polo simple feito de non ostentar a condición de persoal estatutario fixo, circunstancia esta que, en virtude do pronunciamento xudicial citado anteriormente é manifestamente ilegal por discriminatoria, motivo polo que, procede **o recoñecemento do Grao I -ou o superior que, de ser o caso, corresponda- de carreira profesional á agora recorrente conforme aos méritos que constan no propio FIDES do SERGAS.**

Polo exposto,

Á Dirección Xeral de RR. HH. do SERGAS,

**SOLICITA:** Que se teña por presentado este escrito e con el por postos en coñecemento dese órgano os feitos precedentes e por formulado **RECURSO DE ALZADA** contra a resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés que se indica no encabezado e, previos os trámites, no seu día, dite nova resolución pola que, estimando o presente recurso, **recoñeza o dereito da recorrente ao recoñecemento do Grao I -ou o superior que, de ser o caso, corresponda- da carreira profesional, cos efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019** e cos legais que procedan derivados de tal recoñecemento.

Colegio Oficial de  
Enfermería de Pontevedra